AS LECTORAS E OS LECTORES RECOMENDAN:

MENÚ LIXEIRO PERO NUTRITIVO







CLUB DE LECTURA LIBROMANÍA

Este ano pasaron polas mans dos lectores e lectoras deste club de lectura, na "sección oficial" (en xuntanzas para comentalas en grupo), obras como ***Makinaria*** e ***Penúltimas tendencias***, de Carlos Negro; ***Usha***, de María Reimóndez; ***Os dados do reloxeiro***, de Xurxo Mariño; ***O bosque dos raposos aforcados*** de Arto Paasilinna; ***Made in Galiza***, de Sechu Sende; ***A ciencia no punto de mira***, de Jorge Mira; ***Morgana en Esmelle***, de Begoña Caamaño; ***A conxura dos necios***, de J. K. Toole; ***Un viaje de diez metros***, de R. C. Morais e as primeiras entregas da saga de ***Blacksad***.

Agora estamos xa roendo con ansia, como ratos de biblioteca que somos, a seguinte proposta, ***Festina Lente***, de Marcos Calveiro, ademais de seguir con *Blacksad*, que nos deixou moi bo sabor de boca.

E xa temos á vista ***La princesa de hielo***, de Camila Läckberg, ***Unha humilde proposta***, de Jonathan Swift e ***Los detectives salvajes***, de Roberto Bolaño!

A rapazada debátese entre ***Aya de Yopougon*** e *Blacksad*. E iso que non todo é ler: estamos a construir, peza a peza, un puzzle de libros.

Non esquezas visitar: http://biblioquiroga.blogspot.com.es/

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DO I.E.S. DE QUIROGA. MARZO 2015

NOVIDADES

Non esquezas visitar: http://biblioquiroga.blogspot.com.es/

ACTIVIDADES XERADAS NA BIBLIOTECA

No que vai de curso, houbo varias actividades organizadas pola biblioteca:

- A visita de **Carlos Negro**, quen fixo un obradoiro de poesía e un recital poético para conmemorar o Día das Bibliotecas.

- Coa de presenza de **Jano** (Alejandro Viñuela) celebrouse o Día da Ilustración, cunha charla sobre as orixes do cómic e cun obradoiro de viñetas.

- No Entroido, tivo lugar un Concurso de Disfraces Literarios,.

Por outra parte, houbo unha exposición documental "8 de marzo" en relación co **Día da Muller Traballadora**. Por iso, saíron ao corredor unha parte dos fondos referidos a este ámbito que hai na biblioteca á vosa disposición, como ben se ve nesta imaxe:

Estes días está, tamén no corredor da planta soto outra selección de materiais escollidos da biblioteca, neste caso trátase de poemarios, para lembrar que o día 24 de marzo se conmemora o **Día da Poesía**.

Tamén continúan en activo propostas deseñadas para se desenvolveren ao longo de todo o curso académico, como é o caso de "**Mafalda no noso IES**", da que xa se otorgaron os primeiros premios; falta a segunda tanda por entregar; estes días, a nosa Mafalda está en repouso absoluto porque tivo un problemiña de saúde e está en fase de recuperación, pero á volta de Semana Santa estará de novo ao pé da conserxería coa súa peculiar visión do mundo. Animádevos a crear e investigar o que di en cada ocasión!

ACTIVIDADES QUE ESTÁN AGARDANDO POR VÓS:

Está previsto que no mes de abril haxa outra exposición, que neste caso non só recollerá fondos da nosa biblioteca, senón tamén aportacións de varios membros da comunidade educativa, e versará sobre a historia do cómic.

Por suposto, haberá actividades en relación coa lectura e cos libros para conmemorar o **Día do Libro**, o 23 de abril. En principio, en colaboración co Club de Lectura, terá lugar outra edición do **Mercado do Libro**, no que haberá a posibilidade de intercambiar libros de segunda man e de mercalos.

No mes de maio volveremos a falar de poesía, esta vez no que se refire á súa combinación coa música, e para iso, ademais de sacar ao corredor os materiais correspondentes dos fondos da biblioteca –na que este ano se creou unha nova sección específica: a fonoteca- , haberá unha actuación musical estelar, grazas á colaboración do Departamento de Música: **SÉS**.

Efectivamente, Mª Xosé Silvar, **Sés**, a creadora de clásicos contemporáneos en galego coma "Tempestades de sal", "Non son fada" (do disco "Admirando a condición"), e "Milonga de aquí", "Canto aquí, canto na Habana" ou "Concordias de papel" (de "Co xenio destrozado"), agora presentando o seu novo traballo, "Tronzar os valos", **estará con nós cara finais de maio**.

A súa voz a súa forza sobre o escenario do salón de actos, acompañada por Tito Calviño, serán a nosa maneira de celebrar o Día das Letras este ano, que, iso si, non será o tradicional 17 de maio, senón algo despois.

Permanecede atento/as. No vos perdades este **concerto**!!!!